



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

ASUNTO: CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACION DE ALUMEADO ORNAMENTAL EN DIVERSAS RÚAS DURANTES AS FESTAS DE SAN FROILÁN (LOTE 1) E NADAL (LOTE 2) DE 2016. EXPDTE REF: 36-2016).

Acta de lectura informe técnico e apertura sobre C. -----

Sendo as 13:30 horas do día 12 de setembro de 2016, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida por don Xosé Manuel Cao Rei, Xefe do servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento do Concello de Lugo e actuando como vocais:

- . Dona Ana Tabarés Martínez, Técnico do servizo de contratación; actuando como Secretaria.
- . Dona María García Ferro, Vicesecretaria do Concello de Lugo; actuando em representación da Asesoría Xurídica.
- . Don Marcial Rodríguez Toajas, interventor do Concello de Lugo.
- . Dona Dolores Moya Domenech, funcionaria do Servizo de Cultura do Concello de Lugo.

Así mesmo asiste o acto don Miguel A. Vázquez Conde, en representación de Iluminacións Santiaguesas.

Dáse lectura do informe da Sección de Cultura en relación co sobre B que é do seguinte teor:

“Asunto: Contratación da subministración de alumeado Ornamental en diversas Rúas da cidade durante as Festas San Froilán (Lote 1) e Nadal (lote 2) de 2016.

Á vista do informe solicitado polo Departamento de Contratación tras a apertura do sobre B (proposta Técnica) o día 9 de setembro dos licitadores para a subministración do alumeado ornamental no San Froilán (lote 1) e Nadal (lote 2) do exercicio 2016.

Por esta sección infórmase que, unha vez examinados os expedientes dos seguintes licitadores: Iluminacións Santiaguesas S.L., Creaciones Luminosas S.L. e Iluminacións Artísticas Salnés S.L. observáse que:

LOTE 1: SAN FROILÁN

1.- Iluminacións Santiaguesas: axústase a todos os requisitos solicitados no prego de condicións técnicas .

*Puntuación: pola orixinalidade e deseño na innovación: **1,7 PUNTOS** (non hai moita innovación, repetición de motivos en un grao moi alto en distintas rúas..)*



CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

XMCR/atm

Refº: Acta sobre C iluminación S Froilan e Nadal

Asunto: ACTA SOBRE C ILUMINACION SAN FROILAN E NADAL 2016

2.-Iluminaciones Artísticas Salnés, S.L.: axústase aos requisitos requeridos , xa que aínda que na listaxe de arcos aparece un arco na praza Mártires de Carral, no cadro de descrición e detalle das luminarias con leds recolle que son **dous** (que son os requeridos no prego) o que se ve, claramente que é un erro mecanográfico así como tamén parece un erro deste tipo o de recinto Ferial en lugar de Recinto Feiral (é dicir todos os letreiros deberán ir en lingua galega).

Puntuación: pola orixinalidade e deseño na inovación: **2 PUNTOS** (moita innovación e colorido nos motivos, hórreo, peregrinos, catedral, gaiteiros, polbo..)

3.-Creaciones Luminosas S.L: non se axusta ao Prego, propón menos unidades das establecidas no mesmo así na:

-Rúa Bispo Aguirre propón 8 arcos cando se existen 9

-Rúa Xoán Montes propón 3 arcos cando se existen 4

-Rúa Progreso propón 8 arcos cando se existen 9

-Rúa San Marcos propón 5 arcos cando se existen 7

Rúa Nova propón 12 arcos cando se existen 24

Rúa da Cruz propón 3 cando se existen 4

No Resumo do Proxecto só a modo de observacións aparece detallada unha grilanda do Camiño das Costas (cando son 2) e no Bancal Intermedio do Parque unha(cando son 2).

Puntuación: pola orixinalidade e deseño na innovación: **1,6 PUNTOS** (pouca innovación pouco colorido motivos máis ben relacionados coa Primaveira, moitas froes)

LOTE 2- NADAL

1.-Iluminacións Santiaguesas: axústase aos requisitos requeridos (aínda que, a Rúa Montero Ríos non figura na listaxe inicial, si está na descrición e detalle das distintas luminarias, que fae de cada rúa.

Puntuación por orixinalidade e innovación no deseño: **1,7 PUNTOS** (grao de innovación e orixinalidade medio)

-Iluminaciones Artísticas Salnés: cumpre cos requisitos exisidos no Prego e **ademais propon colocar na fachada do Concello dúas árbores nos laterais e iluminar as torres.**

Puntuación, por orixinalidade e innovación no deseño: **2 PUNTOS** (vistosidade na iluminación, sencillez nos deseños con moito colorido...)

-Creaciones Luminosas S.L. non se axusta co número de arcos estipulados no Prego, xa que propón colocar 4 arcos na Rúa do Teatro cando no Prego figuran 6.

Puntuación, por orixinalidade e innovación no deseño: **1,5 PUNTOS** (pouca innovación e orixinalidade).

Sen prexuízo do indicado nos párrafos anteriores aos efectos da súa consideración pola mesa de Contratación.”

Á vista das observacións realizadas no dito informe os membros da Mesa entenden que o feito de que a empresa Creaciones Luminosas S.L. indique no sobre B un número de arcos inferiores ao indicado no prego non é obstáculo, para neste momento, proceder á valoración da proposta técnica en base aos criterios de orixinalidade e innovación indicados na cláusula décimo segunda. En todo caso na apertura do sobre C comprobarase o número de arcos ofertados e se coincide co esixido.

Respecto ao indicado no informe de que a empresa Iluminaciones artísticas Salnés propón colocar na fachada do concello dúas árbores, se trata dunha esixencia do prego técnico polo que a empresa non comete erro algún na súa proposta.

A continuación o Presidente da Mesa procede á apertura do sobre C co seguinte resultado:

ILUMINACIONES SANTIAGUESAS:

LOTE 1:

Prezo: 17.162 euros máis IVE (3.604,02 €) resultando un total de 20.766,02 €
Número de elementos a maiores: 37 arcos ou elementos

LOTE 2:

Prezo: 27.275 euros máis IVE (5.727,75 €) resultando un total de 33.002,75 euros
Número de elementos a maiores : 25 arcos ou elementos

Achega desglose con prezos unitarios de cada un dos elementos ofertados

CREACIONES LUMINOSAS S.L.

LOTE 1:

Prezo: 24.061,99 euros máis IVE (5.053,0179) resultando un total de 29.115 euros
Número de elementos a maiores: *

LOTE 2:

Prezo: 33.859,504 euros máis IVE (7.110,495) resultando un total de 40.969,99 euros.
Número de elementos a maiores: *

* Oferta 26 arcos a maiores do listado mínimo. Non indica a qué Lote se refire de modo que non se sabe se son 26 arcos para cada Lote ou se esta cifra é obxecto de reparto para cada Lote

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

XMCR/atm

Refª: Acta sobre C iluminacion S Froilan e Nadal

Asunto: ACTA SOBRE C ILUMINACION SAN FROILAN E NADAL 2016

A continuación procédese á comprobación do desglose de prezos unitarios e resulta que non relaciona a totalidade dos arcos esixidos no prego técnico para os dous lotes tal e como resultou do informe da Sección de Cultura emitido para a valoración da documentación do sobre B. Por outra banda presenta desglose das melloras separando 20 e 4 (na oferta indicaba 26) pero indica que son para Nadal.

Á vista destas contradicións e de que non cumpre co indicado no prego técnico a Mesa acorda excluír do procedemento á empresa CREACIONES LUMINOSAS S.L.

ILUMINACIONES ARTÍSTICAS SALNÉS S.L.**LOTE 1**

Prezo: 14.800 euros máis IVE (3.108 €) resultando un total de 17.908 euros

Número de arcos ou elementos a maiores: 45 arcos

LOTE 2:

Prezo: 28.000 euros máis IVE (5.880 €) resultando un total de 33.880 euros

Número de arcos ou elementos a maiores: 45 arcos

Achega desglose con prezos unitarios de cada un dos elementos ofertados

Á vista do ofertado realizase o seguinte cadro de puntuación total:

LOTE 1 ILUMINACION SAN FROILÁN

	PROPOSTA TÉCNICA	OFERTA ECONOMICA	MELLORAS	TOTAL
ILUMINACIONES SANTIAGUESAS	1,7	4,60	1,64	7,94
ILUMINACIONES ARTÍSTICAS SALNES	2	6	2	10



LOTE 1 ILUMINACION NADAL

	PROPOSTA TÉCNICA	OFERTA ECONOMICA	MELLORAS	TOTAL
ILUMINACIONES SANTIAGUESAS	1,7	6	1,11	8,81
ILUMINACIONES ARTÍSTICAS SALNES	2	5,39	2	9,39

En consecuencia, a Mesa propón seleccionar como oferta economicamente máis ventaxosa para os dous lotes á empresa ILUMINACIONES ARTÍSTICAS SALNÉS S.L.


Sen mais que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 14:00 horas, no lugar enriba sinalado.

O PRESIDENTE



Asdo: Xosé Manuel Cao Rei

A SECRETARIA



Asdo: Ana Tabarés Martínez

